



## ACTA

|                         |                          |
|-------------------------|--------------------------|
| <b>Expediente núm.:</b> | <b>Órgano Colexiado:</b> |
| XGL/2018/38             | A Xunta de Goberno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN |                                   |
|------------------------------------|-----------------------------------|
| <b>Tipo Convocatoria</b>           | Ordinaria                         |
| <b>Data</b>                        | 28 de agosto de 2018              |
| <b>Duración</b>                    | Desde as 13:14 ata as 13:30 horas |
| <b>Lugar</b>                       | SALA DE SESIÓNS                   |
| <b>Presidida por</b>               | XOSE MANUEL PAZOS VARELA          |
| <b>Secretario</b>                  | ELEUTERIO PENA LAMAS              |

| ASISTENCIA Á SESIÓN |                             |        |
|---------------------|-----------------------------|--------|
| DNI                 | Nome e Apelidos             | Asiste |
| 77010633D           | ANDRES GARCIA BASTON        | NON    |
| 73240505H           | HÉITOR MERA HERBELLO        | NON    |
| 78734984G           | JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO | NON    |
| 76807564F           | LOURDES RIAL PARDO          | NON    |
| 78730184B           | MARIANO ABALO COSTA         | SÍ     |
| 76811297Z           | MERCEDES GIRALDEZ SANTOS    | SÍ     |
| 53113479Q           | TANIA CASTRO PAREDES        | SÍ     |
| 78739263M           | TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ       | SÍ     |
| 76328194A           | XOSE MANUEL PAZOS VARELA    | SÍ     |
| 34907283E           | XOÁN CHILLÓN IGLESIAS       | SÍ     |
| 78736615W           | ÁNGELA VIZOSO MARCOS        | NON    |



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 21 de agosto de 2018

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acordou deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 21 de agosto de 2018, por non aportarse ao expediente.

### Expediente 825/2018. Proposta-informe do departamento de xestión de ingresos tributarios s/solicitud de ocupación de vía pública coa instalación de mesas e cadeiras (ano 2018)

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta-informe da inspectora de taxas de data 24.08.2018, referente a ocupación de vía pública coa instalación de mesas e cadeiras durante o ano 2018, que é como segue:

*"Departamento de xestión de ingresos tributarios (inspección de taxas)*

*Asunto: ocupación de vía pública con mesas, cadeiras, parasoles, paraventos, etc.*

*A Ordenanza municipal reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP 27-7-2012), nos artigos 3 e 4, regula as solicitudes e autorizacións do aproveitamento de terreos tanto de dominio público como privados de uso público da ocupación temporal con terrazas e elementos análogos.*

*Despois de comprobar a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras, realízase a seguinte:*

#### **PROPOSTA**

*1.- "TAPERIA KACTUS CB", con CIF nº X; rep.: R.H.L.L., con NIF X, con enderezo en rúa Fomento, nº 36-P2-2ºF (36940) Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras na fachada do establecemento na Avda. Montero Ríos, nº 9, nunha superficie de 9,00 m2., do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2018.*

*Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de*

Concello de Cangas



*obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

2.- "O PELAO CB" con CIF nº X, rep.: D.A.M., con NIF X, con enderezo en rúa Sol, nº 29 (36940) Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras na fachada do establecemento en rúa Sol, nº 29, nunha superficie de 4,00 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2018.

\* Condiciónase a autorización á presentación do documento que acredite que non ten débedas coa facenda municipal.

*Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES E VEHÍCULOS.**

3.- J.P.F. (CAFETERÍA JUCAMAR), con NIF nº X, con enderezo na Avda. de Marín, nº 5 (36940) Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras na fachada do establecemento na Avda. de Marín, nº 5, nunha superficie de 24,00 m<sup>2</sup>., do 2 de xaneiro ao 30 de setembro de 2018.

*Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

4.- "GEMA PORTELA SL", (CAFETERÍA QUE FOI?), con CIF nº X, rep.: G.P.C., con NIF nº X, con enderezo no Lgar. Xunqueira-As Raíñas, nº 5-3º (36950) Moaña, para a instalación de mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 4:  
- Do 2 de xaneiro ao 31 de maio de 2018, na fachada do establecemento de 10,00 m<sup>2</sup>.

- Do 1 de xuño ao 31 de agosto de 2018, na fachada do establecemento de 10,00 m<sup>2</sup>., e 48,00 m<sup>2</sup>., enfronte.

*Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**



5.- "TÍA BRÍGIDA SL", con CIF nº X; rep.: M.J.M.G., con NIF nº X, con enderezo en rúa Santa Pola, nº 9-planta baixa-Balea-Darbo (36949) Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras en rúa do Arco, nº 10, nunha superficie de 12,60 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2018.

Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

6.- R.L. (BAR JOYDONNER KEBAP), con NIE nº X, con enderezo na Avda. de Marín, nº 7 (36940) Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras na Avda. de Marín, nº 7, nunha superficie de 12,00 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2018.

\* Condiciónase a autorización de terraza á presentación do documento que acredite que non ten débedas coa facenda municipal.

- Comunícase que para a instalación dun toldo na fachada do establecemento ten que obter a correspondente autorización, para o cal debe presentar documentación no departamento de urbanismo do Concello.

Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

7.- M.C.M.A. (BAR OCTUBRE), co NIF nº X, con enderezo en rúa Florida, nº 20-Balea (36949) Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras en rúa San José, nº 25, nunha superficie de 11,00 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2018.

Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

8.- J.O.F. (BAR ESCORADO), con NIF nº X e con enderezo na Travesía Rosalia de Castro, nº 3-O Forte (36947) Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras na liña da fachada do establecemento na Avda. Ozámiz, nº 15, nunha superficie de 12,00 m<sup>2</sup>., do 1 de xullo ao 31 de



agosto de 2018.

*Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

9.- J.A.C.A. (BAR BONIN), con NIF nº X, con enderezo na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 37 (36940) Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 37:

- Do 2 de xaneiro ao 31 de maio de 2018, na fachada e enfronte do establecemento de 28,00 m<sup>2</sup>.
- Do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2018, na fachada e enfronte do establecemento de 55,00 m<sup>2</sup>.
- Do 1 de outubro ao 30 de decembro de 2018, na fachada e enfronte do establecemento de 28,00 m<sup>2</sup>.

*Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES ENTRE TERRAZAS E ADEMAIS DEBE DEIXAR SUFICIENTE ESPACIO NO PASO LATERAL DO ESTABLECEMENTO.**

10.- J.C.M. (TABERNA O ARCO), con NIF nº X, con enderezo na Praza do Arco, nº 8 (36940) Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras na Praza do Arco, nº 8, nunha superficie de 24,00 m<sup>2</sup>., do 1 de maio ao 30 de setembro de 2018.

\* Condiciónase a autorización de terraza á presentación do documento que acredite que non ten débedas coa facenda municipal.

*Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

11.- D.D.F. (DEGUSTACIÓN-AMPLIACIÓN A BAR), con NIF nº X, con enderezo en rúa Sol, nº 22 (36940) Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras en Praza do Eirado do Señal, nº 14:



- Do 2 de xaneiro ao 31 de maio de 2018, na fachada de 11,75 m2.

- Do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2018, na fachada e enfronte do establecemento de 19,50 m2.

- Do 1 de outubro ao 30 de decembro de 2018, na fachada de 11,75 m2.

*Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES E VEHÍCULOS.**

12.- "SOCIEDAD CAFETERA DEL MORRAZO JOMAIT SL" (CAFÉ-BAR TOSTADEIRO), con CIF nº X, rep.: J.C.M., con NIF nº X e con enderezo en rúa Fonte de Gandón, nº 9–Aldán (36946) Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras instalada sobre unha tarima de madeira na calzada (zona de aparcamento de vehículos) na Avda. de Lugo, nº 24, nunha superficie de 20,00 m2., do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2018.

*Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

13.- J.N.B. (TAPERÍA O PUNTO DE SAL), con NIF nº X, con enderezo en rúa Antonio Nores, nº 14 (36940) Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras na Avda. Castelao, nº 21:

- Do 2 de xaneiro ao 31 de maio de 2018 e do 1 de outubro ao 30 de decembro de 2018, na fachada e enfronte do establecemento de 12,00 m2.

- Do 1 de xuño ao 15 de setembro de 2018, na fachada e enfronte do establecemento de 28,00 m2.

*Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.**

14.- "A FALA DE COIRO SLL", con CIF nº X (TAPERÍA A PARROCHA), rep.: F.R.C., con NIF X, con enderezo na Praza de Andalucía, nº 3-2ºB (36940) Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras en rúa Benigno Soage, nº 3, nunha superficie de 32,00 m2., do 1 de maio ao





31 de agosto de 2018.

Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

**COMUNICAR QUE DEBE DEIXAR SUFICIENTE ESPAZO LIBRE PARA O ACCESO ÁS ESCALEIRAS EN TODA A SÚA LONXITUDE.**

15.- T.O.C. (CAFÉ BAR LOMBOCK), con NIF nº X, con enderezo no Lgar. Miranda, nº 184 (36950) Moaña, para a instalación de mesas e cadeiras en rúa Baiona, nº 13, nunha superficie de 16,00 m<sup>2</sup>., do 2 de xaneiro ao 30 de decembro de 2018.

Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

**COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES".**

#### **Expediente 4228/2018. Solicitud de sinalización**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto en data 24.08.2018 pola Policía Local, acorda aprobar a solicitude presentada por L.A.L.B.P., na que demanda autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente no lugar de rúa Carballas, nº 5-Nerga (O Hío).

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

#### **Expediente 5953/2017. Informe da Policía Local s/revisión de concesión de sinal de pasaxe permanente**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da xefatura de policía nº 1117/2018, dentro do expediente nº 4122/2018, no que se propón a retirada da pasaxe permanente nº 1029 sita na Avda. de Ourense interior, nº 43-Coiro, do que é titular, M.A.F.M., por non execución do rebaixe da beirarrúa, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte:



ACORDO

Primeiro.- Incoar expediente de revogación de pasaxe permanente nº 1029, sito na Avenida de Ourense interior, nº 94-Coiro, do que é titular M.A.F.M.

Segundo.- Conceder a M.A.F.M. un prazo de DEZ DÍAS para que formule alegacións.

Terceiro.- Notifíquese aos interesados, con indicación de que contra este, por ser un acto de trámite, non procede interposición de recurso ningún.

**Expediente 7793/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 7793/2017.- Outorgar a J.R.O.G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Estrada de Vilanova, nº 52-O Hío, licenza de obras para reparación de hórreo (apoio esquina noreste) sito na Fonte-Vilanova-O Hío, (referencia catastral X) parcela 432, polígono 3, nun solo regulado pola ordenanza SNUN, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico F.M.L. de data decembro de 2017 e visto o informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 21.08.2018. O presuposto de execución material ascende a mil douscentos cincuenta euros (1.250,00 €).

**Expediente 711/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 711/2018.- Outorgar licenza de obras a J.B.R. e M.A.C., titulares do DNI nº X e nº X respectivamente, con enderezo na Avda. Ourense, nº 56-1º-esq.-Cangas, para no lugar de Pedra da Lan-Miranda-Coiro (referencia catastral X), regulado pola ordenanza 11, solo non urbanizable de núcleo rural (SNUN), agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, obras de reforma e ampliación de vivenda, construción de piscina e reforma de anexo, de conformidade co proxecto de execución visado sen ampliación de data 22 de marzo de 2018 e visado con ampliación de data 03.08.2018, elaborado por "UN+UN ARQUITECTOS CB", e normativa urbanística visada en data 10.08.2018. As obras deberán cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

Acéptase a fianza depositada en data 5 de abril de 2018 por trescentos euros (300,00 €) en Mediolanum, para respostar das obras de urbanización.

**Expediente 5650/2017. Licenza de primeira ocupación**





|                  |   |  |
|------------------|---|--|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b> Nominal<br>A favor: 4, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0 |  |
|                  | A favor   | MARIANO ABALO COSTA<br>TANIA CASTRO PAREDES<br>TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ<br>XOSE MANUEL PAZOS VARELA |
|                  | En contra   | ---  |
|                  | Abstencións   | MERCEDES GIRALDEZ SANTOS<br>XOÁN CHILLÓN IGLESIAS  |
|                  | Ausentes  | ---  |

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución da xefa de urbanismo de data 21.08.2018, referente a concesión de licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar, que é como segue:

**"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

*PRIMEIRO.- Outorgar a A.M.L.G, licenza de primeira ocupación de unha vivenda unifamiliar sita no Lagar-Vilariño, nº 24-O Igrexario-O Hío (referencia catastral X), visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 13 de xullo de 2018 e o informe favorable da xefa de servizo sobre o procedemento a seguir de data 21 de agosto de 2018.*

*SEGUNDO.- Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso Administrativo onde radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14.3 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación".*

**Expediente 3422/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

|                  |   |
|------------------|---|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b><br>Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

EXPEDIENTE Nº 3422/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por N.D.F., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº 67-2ºD-Cangas, para reformas interiores en vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada en data 29 de xuño de 2018. O presuposto de execución material ascende a dous mil catrocentos euros (2.400,00 €).

**Expediente 4055/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

|                  |   |
|------------------|---|
| <b>Favorable</b> | <b>Tipo de votación:</b><br>Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

EXPEDIENTE Nº 4055/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por



"COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO ROTEA, 65", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Estrada a Aldán, nº 65-Vilariño, para pintado de fachadas medianeiras e patios en edificación sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación técnica elaborada polo arquitecto técnico R.R.F. de data agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a catro mil novecentos noventa e cinco euros con noventa e dous céntimos (4.995,92 €).

**Expediente 2207/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2207/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por E.P.G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº 126-1º-Cangas, para colocación de reixa en oco existente en local sito na Avda. de Ourense, nº 27-baixo-local 8-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada en data 2 de maio de 2018. O presuposto de execución material ascende a douscentos cincuenta euros (250,00 €).

**Expediente 4036/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4036/2018.- Dase conta da comunicación previa de obras presentada por A.P.L., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Antonio Nores, nº 4-Cangas, para conservación e mantemento interior de vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 9 de agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a oito mil douscentos cincuenta e cinco euros (8.255,00 €).

**Expediente 1108/2018. Proposta da Alcaldía s/incoación de expediente sancionador para reposición da legalidade urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 24.08.2018, referente a incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística, que é como segue:

*"Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado a V.G.G., respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Outeiro-Balea, consistentes en: instalación dun asador e un forno arrimado ao lindeiro.*

*Visto que a resolución do expediente anteriormente citado considera as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao*



*respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados V.G.G., promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, pode tipificarse en principio como grave segundo o sinala o artigo 158.3 a) da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle á infractora que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, a infractora amosa por escrito a súa conformidade a renunciar expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a V.G.G. pola infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución: instalación dun asador e un forno arrimado ao lindeiro, no lugar de Outeiro-Balea.*

*SEGUNDO.- Nomear como instrutora do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario deste o do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.*

*CUARTO.- Indicar á interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que ten dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse por repoñer por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.*

*QUINTO.- Comunicar á instrutora a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.*



*SEXO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.*

**Expediente 6040/2017. Proposta do concelleiro de urbanismo, patrimonio e facenda s/aprobación do proxecto denominado “Urbanización da fonte da Regueira-Ourelo-Darbo”**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentime  
nto

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta emitida en data 21.08.2018 polo concelleiro de urbanismo, patrimonio e facenda, referente a aprobación do proxecto denominado "Urbanización da fonte da Regueira-Ourelo-Darbo", que é como segue:

*"Con data 31.05.2000 o Pleno do Concello de Cangas acordou aprobar definitivamente o estudo de detalle do ámbito da Regueira, promovido por "CONTRATAS Y COMERCIO SL".*

*A Xunta de Goberno Local en data 27.09.2005 autorizou a construción de 23 vivendas unifamiliares nese ámbito a "DIZ FORMOSO SL", de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto J.G.H..*

*Esta licenza de obras estaba condicionada á execución simultánea da urbanización prevista no proxecto de obras que contemplaba tamén o acondicionamento do lavadoiro público, así como a substitución da canalización de subministración a auga de dito lavadoiro.*

*En data 09.02.2006 a Xunta de Goberno Local acordou o cambio de titularidade da licenza a "FRANCISCO MARTÍNEZ ABAL SL", quen formalizou un aval para responder das obrigas contidas no proxecto de construción das 23 vivendas unifamiliares por importe de cento dez mil cento cincuenta e catro euros con oitenta e sete céntimos (110.154,87 €).*

*Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de outubro de 2017 acordouse iniciar o trámite para a incautación do aval depositado (garantía 6001237) que garante a obriga da urbanización simultánea das obras de edificación autorizadas na licenza de obras nº 20.344 e se concedía un trámite da audiencia tanto ao promotor e á entidade bancaria Banco Sabadell, trámite durante o cal non se formularon alegacións.*

*Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 26.0.2018, acordouse requirir ao Banco Sabadell, para a execución da garantía definitiva prestada por "PROMOCIONES MARTÍNEZ ABAL SL", mediante aval solidario inscrito no rexistro especial de avais co nº 601237.*

*O importe do aval: cento dez mil cento cincuenta e catro euros con oitenta e sete (110.154,87 €), ingresáronse nas arcas municipais en data 12.04.2018, a través da conta bancaria de Abanca.*



*Para executar o aval detectouse a necesidade de actualizar o proxecto de obras aprobado e para iso, os servizos técnicos municipais elaboraron un proxecto denominado “Urbanización Fonte da Regueira-Ourelo-Darbo”, asinado polo arquitecto municipal A.L.P. en data 21.06.2018.*

*O obxecto deste proxecto é a recuperación dos espazos públicos cedidos como consecuencia do aproveitamento urbanístico do ámbito e a mellora e acondicionamento da zona que se atopa abandonada debido aos constantes cambios de promotoras; o crecemento desmesurado da vexetación debido a este abandono obriga á administración a facer fronte aos traballos de mantemento en zonas públicas, así como, realizar a urbanización pendente no proxecto de urbanización da fonte-lavadoiro da Regueira, esta fonte atópase na zona inferior da urbanización; o perigo de acceso á fonte e lavadoiro é inminente, polo que se proxecta buscar unha solución acorde a lei de accesibilidade.*

*As actuacións na fonte/lavadoiro están reflectidas no proxecto de urbanización, consistentes no desmontado e montaxe desta, con cambio de elementos como os pilares, estrutura de cuberta e cubrición.*

*Tendo en conta o proxecto redactado polo arquitecto municipal A.L.P., que contempla un orzamento de execución material de sesenta e cinco mil cento setenta e seis euros con vinte e nove céntimos (65.176,29 €), sendo o presuposto de execución por contrata de noventa e tres mil oitocentos corenta e sete euros con trinta e cinco céntimos (93.847,35 €).*

*En data 21 de agosto de 2018 o arquitecto municipal informa favorablemente o expediente en cuestión por axustarse ás determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamiento do Concello de Cangas, ordenanza de aplicación: URNU e o título V das Normas Urbanísticas II.*

*A documentación obxecto de tramitación contempla un presuposto de execución en primeira fase de noventa e tres mil oitocentos corenta e sete euros con trinta e cinco céntimos (93.847,35 €), restando un total de dezaseis mil trescentos sete euros con cincuenta e dous céntimos (16.307,52 €), para completar a urbanización en segunda fase, completando, desta forma o total da cantidade avalada de cento dez mil cento cincuenta e catro euros con oitenta e sete céntimos (110.154,87 €).*

*Elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO por urxencia:*

*PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto denominado “URBANIZACIÓN FONTE DA REGUEIRA-OURELO-DARBO”, elaborado polo arquitecto municipal en data 21 de xuño de 2018, cuxo orzamento de execución material ascende a sesenta e cinco mil cento setenta e seis euros con vinte e nove céntimos (65.176,29 €), sendo o orzamento xeral de noventa e tres mil oitocentos corenta e sete euros con trinta e cinco céntimos (93.847,35 €).*

*SEGUNDO.- Dar traslado do acordo adoptado ao servizo de contratación para iniciar os preceptivos trámites para iniciar o expediente de contratación das obras”.*

**Expediente 4162/2018. Proposta da Alcaldía s/inicio do procedemento de licitación para a execución da obra “Urbanización da fonte da Regueira”**



Concello de Cangas

|  |   |
|--|---|
| <b>Favorable</b>   | <b>Tipo de votación:</b><br>Unanimidade/Asentimento |
| <p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 23.08.2018, para inicio de procedemento de licitación para a execución da obra "Urbanización da fonte da Regueira", que di o seguinte:</p> <p><i>"Visto o proxecto nº 2018-0020 de data 21.06.2018 redactado polos técnicos municipais A.L.P. (arquitecto) e A.F.F. (delineante), para a execución da obra 'Urbanización da fonte da Regueira', cuxo orzamento ascende á cantidade de noventa e tres mil oitocentos corenta e sete euros con trinta e cinco céntimos (93.847,35 €).</i></p> <p><i>Tendo en conta que o Concello non conta cos medios materiais nin humanos necesarios e suficientes para a execución do proxecto.</i></p> <p><i>Por todo o que antecede, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:</i></p> <p><b>ACORDO</b></p> <p><i>PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de licitación para a execución da obra 'Urbanización da fonte da Regueira'.</i></p> <p><i>SEGUNDO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.</i></p> <p><i>TERCEIRO.- Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares.</i></p> <p><i>CUARTO.- Que o interventor emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.</i></p> <p><i>QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de secretaría ao respecto".</i></p> |   |

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión do seguinte punto na orde do día.

|   |   |
|---|---|
| <b>Expediente 4258/2018. Comunicación de xubilación de empregado municipal (Urxencia)</b>   |   |
| <b>Favorable</b>  | <b>Tipo de votación:</b><br>Unanimidade/Asentimento |
| <p>Visto o escrito con rexistro de entrada nº 9617, de data do 9 de agosto de 2018, presentado polo empregado municipal, J.R.R.A., con DNI nº X, no que expón que o día 13 de setembro de 2018 cumpre os requisitos para acceder a xubilación de acordo coa lexislación vixente e solicita a tramitación da documentación necesaria para proceder á xubilación ordinaria (por ter mais de 36 anos e 6 meses cotizados).</p> |   |

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





**Concello de Cangas**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, adopta o seguinte:

Primeiro.- Tomar coñecemento da xubilación do empregado municipal, J.R.R.A., con DNI X e agradecer os seus servizos prestados durante a súa traxectoria laboral neste Concello.

Segundo.- Que polo departamento de persoal se proceda a tramitar a baixa laboral por xubilación ordinaria.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**Dación de conta de concesión de subvención da Deputación Provincial para a obra "Nova capa rodadura vieiros municipais"**

A Xunta de Goberno Local queda informada de escrito da Deputación Provincial de Pontevedra (registro de saída do 14.08.2018), no que se comunica que pola Xunta de Goberno desa Deputación en sesión ordinaria do día 03.08.2018, se acorda conceder ao Concello de Cangas unha subvención por importe de trescentos un mil noventa e oito euros con vinte e dous céntimos (301.098,22 €), para o financiamento do investimento "Nova capa rodadura vieiros municipais", que vai distribuída da seguinte maneira:

| ANUALIDADE | ORZAMENTO €  | SUBVENCIÓN € | FONDOS PROPIOS DO CONCELLO/ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS € |
|------------|--------------|--------------|---|
| 2018       | 150.549,11 € | 150.549,11 € | 0,00 €  |
| 2019       | 150.549,11 € | 150.549,11 € | 0,00 €  |
| TOTAL..... | 301.098,22 € | 301.098,22 € | 0,00 €  |
| ....       |              |              |   |

**Dación de conta de concesión de subvención da Deputación Provincial para a obra "Pavimentación e accesibilidade Paseo Pepe Poeta"**

A Xunta de Goberno Local queda informada de escrito da Deputación Provincial de Pontevedra (registro de saída do 14.08.2018), no que se comunica que pola Xunta de Goberno desa Deputación en sesión ordinaria do día 03.08.2018, se acorda conceder ao Concello de Cangas unha subvención por importe de oitenta e catro mil trescentos corenta e dous euros con trinta e oito céntimos (84.342,38 €), para o financiamento do investimento "Pavimentación e accesibilidade paseo Pepe Poeta", que vai distribuída da seguinte maneira:

| ANUALIDADE | ORZAMENTO € | SUBVENCIÓN € | FONDOS PROPIOS DO CONCELLO/ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS € |
|------------|-------------|--------------|---|
|            |             |              |   |

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

|            |             |             |        |
|------------|-------------|-------------|--------|
| 2018       | 84.342,38 € | 84.342,38 € | 0,00 € |
| 2019       | 0,00 €      | 0,00 €      | 0,00 € |
| TOTAL..... | 84.342,38 € | 84.342,38 € | 0,00 € |
| ....       |             |             |        |

**Dación de conta de sinatura de convenio coa Axencia de Turismo de Galicia, ABANCA e o Concello de Cangas para a "Celebración das Danzas Ancestrais de Aldán, O Hío e Darbo"**

A Xunta de Goberno Local acorda tomar coñecemento da sinatura o día 23 de agosto de 2018 de protocolo de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, "ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA", e o Concello de Cangas, para a celebración das DANZAS ANCESTRAIS DE ALDÁN, O HÍO E DARBO.

**Dación de conta de sinatura de convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra, Mancomunidade de Concellos do Morrazo e o Concello de Cangas para a implantación do proxecto "Servizo de administración electrónica para concellos"**

A Xunta de Goberno Local acorda tomar coñecemento da sinatura o día 13 de xullo de 2018 de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos da Provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a implantación do proxecto "SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS".

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850